

VIII CERTAME DE MICRORRELATO EN GALEGO “EOI DE PONTEVEDRA

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega da EOI de Pontevedra, en colaboración coa Concellaría de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra, convoca o VIII Certame de Microrrelato en Galego “EOI de Pontevedra.

A finalidade deste concurso é fomentar a creación literaria máis pura e inmediata na nosa lingua e dar a coñecer o enxeño e mais o talento de persoas que, se cadra, aínda non publicaron ningunha obra, mais que posúen grandes dotes narrativos.

BASES DO CERTAME:

1. Poderán participar no concurso todas as persoas que o desexen, sexan ou non alumnado da Escola
 2. O Certame terá carácter presencial e realizarase nas dependencias da EOI de Pontevedra e nas seccións de A Estrada, Lalín e Valle Inclán.
 3. O traballo consistirá na redacción dun microrrelato en galego non superior a 150 palabras, sen contar o título. No microrrelato deberanse empregar obrigatoriamente tres palabras que se comunicarán no momento de empezar. Un sistema de plicas garantirá o anonimato dos relatos.
 4. **LUGAR E DATAS DAS PROBAS:** martes 21 de marzo de 2017 ás 18:00 horas no salón de actos da EOI de Pontevedra e no IES Antón Losada Diéguez de A Estrada, IES Ramón M^a Aller Ulloa de Lalín e IES Valle Inclán de Pontevedra. Durará un máximo de 120 minutos.
 5. Co obxectivo de permitir a presenza do máximo número de alumnado, a participación neste non será contada como falta de asistencia polo profesorado da EOI.
 6. Un xurado composto por profesores da EOI e membros do EDLG, escollerá un 1^o, 2^o e 3^o premio. Se o xurado o considera oportuno concederanse ata dous accésits.
 7. Os microrrelatos premiados poderán ser publicados, polo que os autores aceptan ceder os seus dereitos á EOI de Pontevedra e ao Concello de Pontevedra.
 8. Os premios consistirán en:
1^o premio: vale de **200€** para a compra de libros, CDs ou DVDs en galego
2^o premio: vale de **150 €** para a compra de libros, CDs ou DVDs en galego
3^o premio: vale de **100€** para a compra de libros, CDs ou DVDs en galego
- Ademais, o xurado resérvase a posibilidade de entregar ata dous **accésits de 50 €** cada un. Entregaranse no acto de conmemoración das Letras Galegas que terá lugar na EOI de Pontevedra no mes de maio.
9. Os premios poderán quedar desertos se non se acada unha calidade mínima. As decisións adoptadas polo xurado serán inapelables en todos os casos.
 10. As persoas gañadoras permitirán que se corrixa os posibles erros gramaticais e léxicos dos seus microrrelatos co fin de publicalos.
 11. A participación neste concurso implica a aceptación destas bases.